

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

#1 (EN)FOCO Concerto comentado

VENRES 17 XANEIRO 2025

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

BALDUR BRÖNNIMANN, director

VASCO DANTAS, piano



PROGRAMA

GEORGE ANTHEIL (1900-1959)

Archipelago

DARIUS MILHAUD (1892-1974)

La Création du Monde, op. 81

Ouverture

Le chaos avant la création

La naissance de la flore et de la faune

La naissance de l'homme et de la femme

Le désir

Le printemps ou l'apaisement

CHARLES IVES (1874-1954)

Three Places in New England

The "St. Gaudens" in Boston Common

Putnam's Camp, Redding, Connecticut

The Housatonic at Stockbridge

GEORGE GERSHWIN (1898-1937)

Rhapsody in Blue

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

PIANO

Vasco Dantas

VIOLÍNS I

James Dalghren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Ildiko Oltai
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczek
Yulia Petrushevskaya
Pedro Budiño ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Elina Viksne
Gyula Vadaszi

Samira Ajkic
Helena Sengelow
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Yiran Niu ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Nacho Marino
Iriana Fernández
Xiana Baliñas ***
Inês Fernando ***

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Millán Abeledo **
Manuel Lorenzo
Carlos García
Fabio Arias
Thomas Piel
Esther Fernández ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Irene Sancho ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto
Belén Aragunde ***

ÓBOES

Esther Viúdez*
Avelino Ferreira (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Erika García ***

SAXO

Adrián Pais (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

Jordi Ortega
Roí Guzmán ***

TROMPETAS

Ramón Llátser *
Victor Vilaríño (R)
Óscar Rial ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Rita Fernández (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Cesar Núñez (R)

TIMBAL

José Vicente Faus

PERCUSIÓN

M^o Isabel Diego (R)
Marta Prado (R)
Jorge Denis ***

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Nacido en Suíza e residente en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas temporadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a *Komische Oper* Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

Desde o ano 2023, Baldur é o director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia e director da Escola de Altos Estudos Musicais.

VASCO DANTAS

PIANO

Pianista portugués nacido en Oporto en 1992, licenciouse en Música coas mellores cualificacións no Royal College of Music de Londres, estudando piano con Dmitri Alexeev e Niel Immelman, e dirección con Peter Stark e Natalia Luis-Bassa. Terminou un Mestrado en Interpretación coa máxima cualificación baixo a dirección de Heribert Koch, así como o Programa de Doutoramento “Konzertexamen” na Universidade de Münster.

Vasco é director artístico dos festivais Music Series, incluídos Algarve Music Series, Sezim Music Series e Piano Concerto Festival. Foi galardoado con máis de 50 premios e distincións en concursos internacionais, entre eles: Premio Internacional GianClaudio Chiais (Roma), Gran Premio no Concurso Internacional de Piano da Valleta (Malta), Premio Especial no Concurso Internacional de Piano SAR La Princesse Lalla Meryem (Marrocos), terceiro Premio no Concurso de Piano Münster Steinway & Sons, Bolsa de viaxe ao Bayreuther Festspiele 2016 da Funda-

ción Richard Wagner, Medalla de Ouro ao Mérito (cidade de Matosinhos, Portugal), Premio da Fundação Eng. António de Almeida, Premio Mellor Portugués (Concurso Internacional Viseu), Premio Esther Fisher (2013 mellor pregraduado do RCM de Londres), Premio Antena 2 (Radio Nacional Portuguesa), Premio Henry Wood Trust (2011 e 2012), Premio Casa da Música 2009, e tamén os seguintes primeiros premios: Concurso Internacional do Porto Santa Cecília, Concurso Internacional de Estoril de Lisboa, Concurso Internacional de Piano da Ría de Vigo, Concurso Internacional de Piano do Alto Minho, Concurso Internacional de Piano de Fundao, o Concurso Internacional de Piano Florinda Santos e o Concurso de Música de Cámara Mestre Ivo Cruz.

NOTAS AO PROGRAMA

#1 (EN) FOCO

A Real Filharmonía presenta esta noite o primeiro dos concertos (EN)Foco, cos que pretende achegar o repertorio ao público dunha maneira menos convencional mediante o comentario das pezas e dentro dun ambiente máis desenfadado. O programa está conformado por catro obras: *Archipelago* de George Antheil, *La Création du Monde* de Darius Milhaud, *Three Places in New England* de Charles Ives e *Rhapsody in Blue* de George Gershwin. Todas elas, come veremos, son exemplos de transferencias e asimilacións entre xéneros e culturas musicais diversas.

A primeira obra que escoitaremos é *Archipelago* de George Antheil (1900-1959), compositor nado en New Jersey en 1900 no seo dunha familia de orixe alemá ligada ao sector zapateiro. Antheil iniciou os seus estudos de piano aos seis anos, en 1916 trasladouse a Philadelphia para estudar teoría con Sternberg, un discípulo de Franz Liszt, e posteriormente, formouse en composición

con Ernst Bloch en Nova York. Tras atravesar algúns problemas económicos coñeceu, por mediación do seu mentor Sternberg, á que será a súa mecenas durante case vinte anos, Mary Louise Curtis Bok, quen lle ofrece unha bolsa como profesor do Philadelphia Settlement Music School que ela mesma fundara. Pouco despois inicia una xira europea, establecéndose durante un tempo no fervoroso ambiente cultural de París nos anos 20. De volta nos EUA, en 1933, comeza a traballar para a industria cinematográfica de Hollywood. Ademais da faceta de pianista e compositor debemos destacar que xunto á produtora, actriz e inventora austríaca Hedy Lammarr (1914-2000) creou a tecnoloxía na que se basea o *bluetooth* e a *wifi* actualmente. A pesar do seu espírito rompedor, o seu estilo é herdeiro do academicismo romántico e está dentro da linguaxe tonal. A obra máis coñecida do seu catálogo é *Ballet Mecánico*, composto en 1924 e inscrito no movemento dadaísta cunha instrumentación moi singular que inclúe ademais de piano e

diversa percusión, hélices de helicóptero. Outras obras destacadas son *Jazz Symphony*, a ópera *Transatlantic* ou o *Concerto de cámara*. A peza que hoxe nos ocupa, *Archipelago*, estreouse o 7 de abril de 1935 pola General Motors Symphony Orchestra baixo a batuta de Howard Barlow. Aínda que xorde como peza independente posteriormente converteuse no terceiro movemento da súa segunda sinfonía. Trátase dunha boa mostra do interese que Antheil tiña nos ritmos afro-cubanos, xa que está escrita en ritmo de rumba. O primeiro tema recorda a *O Boi sobre o tellado* de Milhaud, o seguinte compositor ao que nos achegaremos.

Darius Milhaud, quen se definía a se mesmo como “francés de Provenza de relixión israelita”, naceu en Marsella en 1892 e morreu en Xenebra aos 82 anos de idade, en 1974. Foi violinista e compositor e formouse no Conservatorio de París con distintos profesores entre os que cabe destacar a Paul Dukas. Entre 1917 e 1918 desfrutou dunha estancia de dous anos no Brasil traballando como secretario do embaixador francés naquel país. Este feito influíu moito no seu estilo polo contacto coa música popular e os ritmos brasileiros que se deixan ver en obras súas como o xa mencionado *O boi sobre o tellado* ou

nas danzas para orquestra *Saudades do Brasil*. En 1940 tivo que marchar aos Estados Unidos trala invasión nazi de Francia dada a súa condición de xudeu, e alí aceptou un posto como profesor no Mills College de Oakland (California). Volveu a Europa en 1947 e a partir dese momento desenvolveu a súa actividade repartida aos dous lados do charco. Xunto a Arthur Honegger, Francis Poulenc, Germaine Tailleferre, Georges Auric e Louis Durey formou parte do coñecido como Grupo dos Seis, cuxos líderes intelectuais foron o escritor Cocteau e o compositor Satie e que foi considerado unha salvación para a música francesa fronte ás influencias foráneas, especialmente as xermánicas, ademais dun revulsivo antirromántico. Milhaud foi un compositor moi prolífico, cun catálogo de 443 opus que abrangue case todo os xéneros. Aínda que acostuma a clasificarse como un autor neoclásico, ampliou moito esta etiqueta movéndose entre a frivolidade e a seriedade e mesturando o lirismo, o contrapunto ou a politonalidade (combinación simultánea de dúas ou máis tonalidades). *A Creación do mundo é un caso singular de asimilación do jazz*—ao que Milhaud se achegou en Harlem durante unha xira de concertos nos EUA— pola música clásica occidental. A

obra é un ballet “africano” composto en 1923 sobre un argumento de Blaise Cendrars e contou cunha escenografía e vestuario deseñados polo pintor Fernand Léger (co que tamén colaborou Antheil no *Ballet Mecánico*). A estrea produciuse o 25 de outubro de 1923 no Teatro dos Campos Elíseos polos Ballets Suecos dirixidos por Rolf Maré. En 1927 o compositor estreou unha redución para piano e cuarteto de corda. A orquestra da versión que escoitaremos, a orixinal, está conformada por 17 músicos, e a presenza do saxofón e o piano sumado ao tratamento solista dos instrumentos intenta emular o son das bandas de jazz. Presenta un estilo ecléctico no que se mesturan elementos propios do jazz (blue notes, melodías tipo blues, sincopas, riff) e trazos neoclásicos e modernistas característicos da música académica do momento (fuga, politonalidade, polirritmos). A obra inscríbese na estética de moda en Europa no que Tranchefort denomina “retorno ás fontes” na liña doutros famosos títulos como *A consagración da Primavera* de Stravinski ou a *Suite escita* de Prokofiev. Consta de cinco partes contrastantes precedidas por un preludio: o caos da creación, a aparición das plantas e os animais, danza rimada dos animais e nacemento da parella humana,

danza orxiástica do home e a muller, e finalmente, volta á calma.

A continuación, a orquestra interpretará *Three Places in New England* de Charles Ives (1874-1954). O autor naceu en Danbury (Connecticut) e morreu en Nova York e está considerado xunto a Edgar Varèse como un dos compositores máis innovadores dos EUA da súa época, ademais de ser intérprete de órgano. Era fillo dun director de banda e corais dunha pequena cidade de Nova Inglaterra e diplomouse en Yale, aínda que gran parte da súa formación no terreo da música clásica foi autodidacta. Nos primeiros anos da súa carreira permaneceu no anonimato e traballou como axente de seguros, sendo un dos máis recoñecidos do seu país, o que provocou que algúns compañeiros músicos o consideraran un afeccionado. A partir dos anos 50 a súa fama foi *in crescendo*, e o noso autor veu como a súa música era gravada e programada en concertos; ademais foi nomeado membro do Instituto das Artes e as Letras e recibiu o premio Pulitzer, polo que morreu sendo un compositor respectado. No seu estilo compositivo experimentou con elementos como a politonalidade, a polirritmia, a forma aberta ou os microintervalos. O título completo

da obra que hoxe escoitaremos é *A New England Symphony: Three Places in New England* e foi composta entre 1903 e 1914 e estreada en Boston en 1930. A versión orixinal fora escrita para gran orquestra e órgano, pero en 1929, antes da estrea, decidiu revisala e escribiuna para unha orquestra máis reducida con órgano *ad libitum*. A obra divídese en tres movementos seguindo o esquema lento, rápido, lento. O primeiro, “Boston Common”, contén a indicación “en San Gaudens”, un parque no que un baixorrelevo representa a un rexemento de negros liderados polo coronel Robert Gould Shaw. A atmosfera xeral é tranquila e escoitaremos marchas militares como *Battle Cry of Freedom* e *Marching through Georgia* que se mesturan co espiritual negro *Old Black Joe*. Seguidamente, “General Putnam’s Camp. Redding. Connecticut” contrasta en carácter co anterior e intenta representar a un mozo que participa nunha merenda o día da independencia americana, o 4 de xullo, no marco da guerra civil e que se durme e soña co seu heroe, o xeneral Putman. Finalmente “The Housatonic (River) at Stockbridge” inspirado nos versos do poeta Robert Underwood Johnson “atravesaremos as pradeiras que van ao longo do río e oiremos ao lonxe os cantos que

chegan da igrexa”. A corda e a progresiva tendencia ao pianísimo pretenden representar como se disipa a bruma situada sobre o río.

Pecha o programa a célebre *Rhapsody in Blue* de George Gershwin (1898-1937), autor norteamericano –aínda que a súa familia era de orixe rusa– que foi tanto compositor de música clásica como de musicais e canción popular (a maioría con textos do seu irmán Ira Gershwin). O máis famoso do seu catálogo é a súa última obra, *Porgy and Bess*, aínda que tamén destacan outros títulos como *Un americano en París* e a *Rhapsody in Blue* que escoitaremos. Precisamente foi alcumado como o “primeiro sinfonista de jazz” trala composición desta obra, a pesar de que non é jazz propiamente dito. A música de concerto dos EUA na década dos 20 bebeu moito deste estilo e tamén o jazz adoptou instrumentos e técnicas do mundo clásico. Gershwin foi un dos pioneiros en superar as fronteiras entre estes dous universos musicais e con esta obra cambiou a música do seu país nas décadas seguintes. O ideólogo deste traballo foi Paul Whiteman director dunha Jazz Band que se encargou tamén da súa estrea o 12 de febreiro de 1924 no Aeolian Hall de Nova York. Trátase dunha obra complexa para intérpretes e direc-

tor, dado o seu carácter marcadamente improvisado e libre, favorecido polo feito de ser unha rapsodia en lugar dun esquema máis ríxido como un concerto ou sinfonía. O tratamento do piano ten claras influencias da música popular, porén tamén son perceptibles reminiscencias clásicas de Debussy e Ravel (sonoridades impresionistas) e doutros autores europeos como Liszt ou Chaikovski. A obra organízase cunha forma en espello moi característica do compositor coa presentación de cinco temas principais que se inician tralo *glissando* do clarinete e que logo son de novos expostos en orde inversa.

Un interesante programa que da boa mostra do frutífero que pode chegar a ser o contacto entre culturas e universos sonoros diversos e aparentemente afastados. Sen dúbida unha boa mensaxe neste presente polarizado e tenso que nos toca vivir.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

PRÓXIMO CONCERTO

ORQUESTRA CONVIDADA

Orchestra Sinfónica de Galicia

XOVES 23 XANEIRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Markus Stenz, director

Liza Ferschtman, violín

- Robert Schumann: Concerto para violín en re menor
- Gustav Mahler: Sinfonía núm. 5 en do sostido menor

